

Ferrol

Demarcación eclesiástica da diocese. O arciprestado de Ferrol, continuador do de Trasancos-Ferrol, comprendía en 1960 un total de 18 parroquias, todas elas situadas no concello homónimo, agás a de Trasancos, emprazada no de Narón.

Como demarcación singular foi suprimida en 1968 e o seu territorio partillado en tres novas unidades administrativas: Ferrol-San Xiao, Ferrol-San Rosendo e Ferrol-O Chamorro, unidades que se reducen a dúas en 1988.

Dende xuño de 2006, coa nova estruturación do espazo diocesano promovida polo bispo Sánchez Monge, constituíuse de novo o arciprestado de Ferrol como un dos sete en que quedou articulada a diocese. O seu territorio actual comprende as freguesías todas do concello homónimo.